



## ROGO SOBRE A SINALIZACIÓN DE LUGARES DE INTERESE PARA VISITANTES

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, o seguinte ROGO:

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Lograr unha boa información sobre os bens e servizos que ofrece unha cidade debe ser un obxectivo prioritario dun Goberno municipal. Esa información faise, se cabe, máis importante cando nunha mesma cidade converxen a capitalidade do país, coas súas institucións vinculadas, unha centenaria institución universitaria e, sobre todo, un centro mundial de peregrinación que convocan a xentes de moi diversa procedencia para os que a información de servizos básicos é una demanda fundamental.

A pesar desa condición de singular polo de atracción, Santiago de Compostela amosa un claro déficit informativo de servizos elementais para os visitantes. Un caso paradigmático son as indicacións do Centro Internacional de Acollida a Peregrinos que, a pesar de terse incorporado nalgúns puntos da cidade histórica, non cumpren axeitadamente a súa función de encamiñar con precisión aos interesados que, con frecuencia, mesmo chegan a entrar nas dependencias da propia Concellería de Tráfico. Outra deficiencia refírese ás inexistentes indicacións para conducir a outros lugares de interese como poden ser as estacións do ferrocarril e de autobuses.

Trátase dunha eiva que expresan moitas das persoas que nos visitan, mesmo a través dos medios informativos, e que se fai patente nun simple percorrido, tanto nos lugares máis concorridos da zona histórica como no Ensanche.

Desde o noso Grupo xa nos temos interesado por esta cuestión en iniciativas anteriores, poñendo de relevo a necesidade de adecuar e mellorar esta sinalización. Pero a resposta do Goberno non resultou efectiva e nin sequera se repuxo o sinal deteriorado e finalmente retirado na esquina do Franco coa Travesa de Fonseca, onde por certo permanecen desde hai meses uns perigosos parafusos, supoñemos que á espera de recibir algún día o referido sinal.

Para tratar de mellorar esta información básica, o Grupo Popular presenta o seguinte rogo:

***Que por parte do correspondente órgano do Concello se melloren e amplíen os elementos informativos nos puntos que se consideren máis transitados da cidade indicando os principais destinos que poidan demandar os visitantes, prestando especial atención, cando menos, ao Centro Internacional de Acollida de Peregrinos e ás estacións de tren e de autobuses.***

Santiago de Compostela, a 12 de setembro de 2017

María Teresa Cancelo Márquez  
Concelleira do Grupo Municipal Popular

- Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela.

